



En Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 2007, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en reunión plenaria celebrada o día da data, resolveu o recurso número 6/2007, interposto por D. Manuel Pereiro Pérez e D. Evaristo Manuel González Sotelo contra a Resolución dictada pola Xunta Electoral da Federación Galega de Tenis de Mesa o día 27 de novembro de 2006.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 14 de decembro de 2006 tiveron entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva (en diante CGXD) sendos escritos de contido idéntico presentados, un deles por D. Manuel Pereiro Pérez e o outro por D. Evaristo Manuel González Sotelo polos que impugnaron a Resolución da Xunta Electoral da Federación Galega de Tenis de Mesa (en diante FGTM) dictada o 27 de novembro de 2006.

SEGUNDO.- A través de dúas providencias dictadas o día 20 de decembro de 2006, o CGXD acordou a suspensión da admisión a trámite dos recursos e requirir aos recorrentes para que no prazo de tres días achegasen copia da resolución obxecto de impugnación, o que levaron a cabo tanto D. Manuel Pereiro como D. Evaristo Manuel González a través de dous escritos que tiveron entrada neste Comité o 2 de xaneiro de 2007.

TERCEIRO.- Por providencia dictada o 17 de xaneiro seguinte, o CGXD acordou a acumulación de ambos os dous recursos por gardar identidade substancial entre eles e admitilos a trámite. Acordouse, asemade o seu traslado ao presidente da Xunta Electoral da FGTM para que no prazo de tres días remitise o expediente e un informe sobre eles.

CUARTO.- A Xunta Electoral remitiu a documentación solicitada a través de escrito que tivo entrada o 29 de xaneiro de 2007 e toda vez que o expediente estaba xa completo o CGXD dictou o día 6 de febreiro de 2007 unha providencia pola que acordou declaralo concluso, poñelo de manifesto aos interesados para a súa vista polo prazo de tres días e nomear relator. Non consta a presentación no prazo outorgado de novas alegacións polos recorrentes.